

MEMORIA ANUAL 2015

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS
DA CONSTRUCCIÓN DA CORUÑA



APECCO

Asociación Provincial de Empresarios
de la Construcción de La Coruña

APECCO

Carta do presidente
Órganos de goberno
Organización funcional
Presenza institucional

ASOCIADOS

Evolución do número de asociados
Distribución xeográfica
Novos asociados
Relación de asociados

ACTIVIDADE

Informe de actividades

O SECTOR

Panorama xeral da construción
Apéndice:
Galicia - Indicadores do sector





APECCO



CARTA DO PRESIDENTE

DIEGO VÁZQUEZ REINO

Estimado/a asociado/a:

Ao longo das páxinas que compoñen esta memoria poderás comprobar a actividade desenvolvida no ano 2015 pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (Apecco), así como o comportamento xeral do sector da construción, sen dúbida un dos que máis contribúen tanto a impulsar a economía coma a xerar emprego para acadar a vertebración social.

Poderás, polo tanto, coñecer o intenso labor emprendido pola nosa asociación co obxectivo de mantermos como o principal interlocutor provincial co sector construtivo, continuando deste xeito o labor iniciado hai case 40 anos polos nosos predecesores. Para ilo contamos co equipo técnico que traballa nesta casa e coa colaboración dos órganos directivos de Apecco, que, como sabedes, renováronse hai agora un ano. A todas e todos agradézoilles tanto o seu compromiso coma a súa lealdade, que van mesmo máis alá da propia obriga profesional.



O exercicio do 2015 estivo marcado pola incerteza. Os diferentes procesos electorais e a errada lexislatura minimizaron os efectos positivos duns datos macroeconómicos que semellan irrefutables. Uns datos que consolidan o crecemento xeral da economía iniciado doce meses atrás. Así, a economía española rexistrou unha suba do 3,2%, o maior aumento do valor engadido que xerou a economía española dende o 2007, ano no que comezou a crise.

Este avance sitúa a España coma a máis puxante entre as grandes economías avanzadas. Segundo as últimas estimacións de Bruxelas, só Irlanda e algúns países do Este europeo, coma Polonia ou Romanía, teñen experimentado un repunte maior.

No entanto, os efectos deses datos non se trasladaron ao sector construtivo, que rexistrou, un ano máis, un comportamento negativo, malia o cal segue a ser, sen dúbida, o que ofrece maiores posibilidades para o crecemento económico e a xeración de emprego. Dende Apecco, e como un dos eixos da estratexia impulsada por esta nova xunta directiva, trasladamos unha mensaxe rotunda, tanto nos medios de comunicación coma nas distintas reunións mantidas con todas as administracións públicas, sobre a necesidade de entender que o descenso do investimento que se produciu nos últimos anos ten repercutido dun xeito desastroso na economía e no emprego de centos de persoas.

Polo tanto, chegou a hora de trasladar os bos datos da economía a decisións intelixentes de reactivar o investimento nun sector que garante un retorno económico evidente e demostrado para toda a sociedade. Temos reiterado, unha e mil veces, que o retorno económico do investimento realizado polas administracións públicas no noso sector, tanto vía impostos, de ata o 50%, coma pola creación de 18 postos de traballo directos e 43 indirectos por cada millón de euros investido en obra pública, son razóns máis ca suficientes para retomar a senda da recuperación do investimento no noso sector.

“Chegou a hora de reactivar o investimento nun sector que garante un retorno económico evidente e demostrado para toda a sociedade”

Trasladamos esta mensaxe nas xornadas dirixidas aos nosos asociados/as “O INVESTIMENTO, CLAVE PARA O EMPREGO”, celebradas nas instalacións de Apecco e nas que puidemos coñecer os orzamentos e os investimentos das principais administracións na voz dos seus titulares, e que serviron tamén para crear unha liña de comunicación máis fluída entre as diferentes administracións e as nosas empresas asociadas.

Outro dos cabalos de batalla nos que estamos inmersos é a concienciación de que os factores exclusivamente económicos na adxudicación dos contratos de obra non son o camiño máis axeitado a seguir para lograr a melloría dun sector empresarial moi castigado durante a crise económica, senón que, pola contra, é preciso avanzar nas valoracións de criterios coma a calidade, o medio ambiente e a seguridade como factores máis determinantes. E neste aspecto non só debemos mirar ás administracións e ás súas decisións, senón que as empresas construtoras, e neste caso as asociadas a Apecco, debemos reflexionar e intentar chegar ao convencemento de que debemos contribuír dende a nosa posición en virtude de acordos que fagan posible que a competencia non se converta nunha arma de destrución e deterioro das nosas firmas e que, en consecuencia, se propicie un empeoramento da masa social da propia asociación que nos representa ante dos demais sectores da sociedade e que se antolla indispensable nestes tempos.

Remato co desexo de que o vindeiro ano sexa, por fin, un exercicio no que remate a longa travesía no deserto que tivo que padecer o noso sector, para que volva a converterse nun dos principais motores económicos e de xeración de emprego. Tamén quero insistir e reiterar que as portas de Apecco están abertas de par en par que que os asociados/as gocen das nosas instalacións e servizos, xa que a fortaleza dunha entidade empresarial reside no dinamismo e nas inquietudes que demostren os seus membros.

Grazas pola vosa colaboración nesta etapa inicial como presidente de Apecco. Un cordial saúdo.



ÓRGANOS DE GOBERNO

COMITÉ PERMANENTE

Presidente

DIEGO VÁZQUEZ REINO

Vicepresidente

JUAN SANMARTÍN FERREIRO

Tesoureira

STELLA LÓPEZ REY

Vocais

MANUEL ÁLVAREZ LOSADA
JOSÉ ANTONIO DE APRAIZ CASUSO
JOSÉ ÁNGEL BREY FERREIRO
GERARDO COLLAZO ESMORÍS
VÍCTOR GONZÁLEZ JOVE
PEDRO MUÑOZ GONZÁLEZ
MARCOS VÁZQUEZ ZAS
EULOGIO VIÑAL IGLESIAS

Secretario

MIGUEL GARCÍA EIROA



COMISIÓN DELEGADA

EMPRESA

Ángel Brey, S.A.
Aparfont, S.L.
Arkivolta
Begasucegsa
Canarga
Comsa
Construcciones Ángel Jove, S.A.U.
Construcciones Cernadas, S.L.
Construcciones López Cao
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
Construcciones Ramón Vázquez y Reino
Construcciones Vilariño
Cosmalca, S.L.
Desarrolla Obras y Servicios, S.L.
Dragados, S.A.
Estudio A.T.
Eulogio Viñal Obras y Cnes., S.A.
Excavaciones Saavedra y López, S.L.
Exoga, S.L.
F. Gómez y Cía., S.L.
FCC Construcción, S.A.
Iprenor
José No Mantiñan e Hijos, S.A.
OHL, S.A.
Prace Servicios y Obras, S.A.
Sondeos del Norte, S.A.
Tradisco, S.L.

REPRESENTANTE

José Ángel Brey Ferreiro
Alejandra Fontenla Piedrahita
Pedro Muñoz González
Pablo Luis García Rodríguez
Marcos Antonio Vázquez Zas
Juan Antonio Enseñat Berea
Víctor González Jove
Diego Cernadas Tages
Stella López Rey
Diego Nieto Barreiro
Diego Vázquez Reino
Cesar Vilariño Vázquez
Manuel López Candal
Gerardo Collazo Esmorís
José Luis Candela Toha
José Antonio González del Oso
Eulogio Viñal Iglesias
Pablo Martínez Lorenzo
Fco. Javier Conde Abelenda
Alberto López Martín
Juan Sanmartín Ferreiro
Miguel Ángel Míguez Vázquez
José No Varela
José Antonio de Apraiz Casuso
Daniel Ortega González
Pablo César Vázquez Zas
Manuel Martín Álvarez Losada

Miguel García Eiroa (Secretario)

ORGANIZACIÓN FUNCIONAL



INTERVENTORES

DE ACTAS ASAMBLEAS

José No Varela

Diego Cernadas Tages

DE CONTAS

Francisco J. Conde Abelenda

César Vilariño Vázquez

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE CONSTRUCCIÓN

Diego Vázquez Reino

Antonio Fernández Duran

Stella López Rey

German Liébana Salvador

Antonio Fernández-Chao (Asesor)

Miguel García Eiroa (Secretario)

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE PINTURA

José Ángel Brey Ferreiro

José Ángel Otero Rey

César Prado Maceiras

Antonio Fernández-Chao (Asesor)

Miguel García Eiroa (Secretario)

PRESENZA INSTITUCIONAL

A TRAVÉS DO PRESIDENTE

FEDERACIÓN
GALEGA DA
CONSTRUCCIÓN

Xunta Directiva
(Tesoureiro)

CONFEDERACIÓN
NACIONAL DA
CONSTRUCCIÓN

Consello de Goberno
Grupo de Territoriais

FUNDACIÓN
LABORAL DA
CONSTRUCCIÓN
DE GALICIA

Comisión e Consello
Territorial (Secretario)

CONFEDERACIÓN
DE EMPRESARIOS
DE A CORUÑA

Xunta Directiva
Consello de
Presidentes

CONFEDERACIÓN
DE EMPRESARIOS
DE GALICIA

Vocal Asemblea

CÁMARA DE
COMERCIO
DE A CORUÑA

Membro do Pleno

AFIANZAMENTOS DE
GALICIA, S.G.R.
(AFIGAL)

Vocal Asemblea

PRESENZA INSTITUCIONAL

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

Federación Gallega de la Construcción (FGC)

EN XUNTA DIRECTIVA:

Manuel Álvarez Losada
Víctor González Jove
Miguel García Eiroa

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada
Víctor González Jove
Gerardo Collazo Esmorís
Stella López Rey
Juan Sanmartín Ferreiro
Miguel García Eiroa

Fundación Laboral de la Construcción-Galicia (FLC)

NA COMISIÓN E NO CONSELLO TERRITORIAIS

Manuel Álvarez Losada
Miguel García Eiroa

Confederación Nacional de la Construcción (CNC)

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada
Juan Sanmartín Ferreiro
Pedro Muñoz González
Eulogio Viñal Iglesias

Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC)

EN ASEMBLEAS

Manuel Álvarez Losada
Fernando Iturralde García-Diego
Juan Sanmartín Ferreiro
Víctor González Jove
Marcos Vázquez Zas

PRESENZA INSTITUCIONAL

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

Cámara de Comercio de A Coruña:

NO COMITÉ EXECUTIVO
Enrique Vázquez Sánchez

NO PLENO
Marcos López Fuentes
Diego Vázquez Reino
Enrique Vázquez Sánchez

Comité Provincial de Seguridade e Saúde no Trabalho

Miguel García Eiroa

Federación Nacional de Empresarios Pintores (ANSPI)

NA DIRECTIVA
José Ángel Brey Ferreiro

Comités Provincial e Autonómico de Emprego

Miguel García Eiroa

Comisión Executiva Provincial do INSS

Antonio Fernández-Chao



INFORME DE ACTIVIDADES



ÍNDICE ACTIVIDADES

- A. Negociación de convenios laborais
- B. Xestións ante as Administracións Públicas
- C. Reunións internas
- D. Cursos de formación
- E. Convenios con empresas para lograr vantaxes especiais para os asociados
- F. Tarxeta Profesional da Construción (TPC)
- G. Publicacións e DVD de APECCO
- H. Portal web de APECCO: www.apecco.com
- I. Circulares
- J. Boletíns mensuais de novas
- K. Informes e estudos
- L. Colaboracións e relacións externas
- M. Asesorías
- N. Outras actividades e servizos prestados aos asociados

ACTIVIDADES

NEGOCIACIÓN DE CONVENIOS LABORAIS

APECCO protagonizou, un ano máis, a negociación dos Convenios Colectivos Provinciais da Construción e da Pintura, ademais de participar activamente no Convenio Xeral Nacional.



Convenio Provincial da Construción

O 27 de outubro asináronse as novas táboas salariais e pluses de 2015 cun incremento do 0,6%. Así mesmo, pactouse o calendario laboral para o 2016.



Convenio Provincial de Pintura

O 12 de novembro asináronse as novas táboas salariais e pluses de 2015 cun incremento do 0,6%. Ademais, acordouse o calendario laboral para o 2016.

ACTIVIDADES

XESTIÓNS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Con respecto á **Xunta de Galicia**, seguimos insistindo na necesidade de aumentar os orzamentos para investimentos, posto que os niveis de investimento continúan sendo moi baixos malia a leve recuperación experimentada no último exercicio.

En xeral conseguíuse mellorar e manter en boas ratios o período medio de pago das Administracións Públicas coas empresas.

Así mesmo, na Administración autonómica estase conseguindo que as adxudicacións estean moito máis próximas á media das ofertas presentadas.

Ao longo do ano 2015 mantivemos reunións coas consellerías e os entes públicos máis licitadores, coa finalidade de presentar á nova directiva da asociación e para solicitar maiores volumes de investimento en obra pública.



25 de novembro

**Reunión coa conselleira de
Infraestruturas da Xunta,
Ethel Vázquez**

ACTIVIDADES

XESTIÓNS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS



30 de xullo

Reunión coa delegada territorial
da Xunta, Belén Do Campo



28 de xullo

Reunión coa conselleira de
Traballo, Beatriz Mato

ACTIVIDADES

XESTIÓNS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

En relación á **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA** continúa a boa relación existente, e ao longo do ano 2015 realizamos xestións para solucionar problemas de contratación e clasificación nas obras.

Seguimos intentando cambiar os criterios de valoración de ofertas, de xeito que se limiten as ofertas económicas, ao tempo que se tomen en consideración criterios de calidade, experiencia e medios aportados polos ofertantes.



19 de outubro

Reunión co presidente da Deputación,
Valentín González Formoso

ACTIVIDADES

XESTIÓNS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

A petición de empresas asociadas efectuáronse xestións ante diversos **CONCELLOS DA PROVINCIA** para corrixir ou denunciar deficiencias en temas de contratación de obras, ben por erros nas clasificacións esixidas, nos prazos de presentación ou na esixencia de clasificación de obras onde non era pertinente.



Tamén se denunciaron determinadas cláusulas que incumprían a Lei de Contratos das Administracións Públicas. Lentamente vaise logrando que as Administracións Locais melloren na correcta aplicación da Lei de Contratos nos pregos de condicións das obras que licitan.

Celebráronse reunión cos alcaldes da Coruña, Santiago e Ferrol coa finalidade de presentar á nova xunta directiva da asociación e para solicitar maiores volumes de investimento en obra pública. Ademais, solicitáronse procedementos de licitación onde non se prime soamente a oferta económica máis vantaxosa, senón tamén outras variables como a calidade, os medios propios ou a experiencia.

23 de xullo

Reunión co alcalde da Coruña,
Xulio Ferreiro

ACTIVIDADES

REUNIÓN INTERNAS

Durante o 2015 celebráronse as habituais reunións dos órganos de goberno de Apecco: Comisións Delegadas, Comités Permanentes e Asemblea Xeral.

O 11 de xullo celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria, na que, tras un detallado informe do presidente sobre a situación do sector e as actividades emprendidas pola asociación durante o exercicio anterior, aprobáronse a xestión e as contas do 2014 e o orzamento para o 2015.

Despois a asemblea aprobou o nomeamento de 27 membros para constituír a Comisión Delegada de Apecco para os vindeiros catro anos.

A continuación reuniuse a recém nomeada Comisión Delegada para elixir aos membros do Comité Permanente e a un novo presidente, **Diego Vázquez Reino**, que relevaría no cargo a Antón Arias Díaz-Eimil.



Asemblea 2015

Mesa presidencial

ACTIVIDADES

REUNIONES INTERNAS



Asemblea 2015

Asistentes



Asemblea 2015

Relevo presidencial
Diego Vázquez substitúe a Antón Arias

ACTIVIDADES

REUNIÓN INTERNAS

O 27 de novembro celebrouse un **Xantar-Homenaxe a Antón Arias Díaz-Eimil** pola súa dedicación como presidente de Apecco durante 15 anos. O acto tivo lugar no restaurante Mirador de San Pedro. O número de asistentes foi de 25 persoas.



ACTIVIDADES


CURSOS DE FORMACIÓN 2015



CURSOS

35

Contratación Pública
Factura Electrónica
COEX
Presentación de plicas
Habilidades directivas
Taller de xestión integral de proxectos
Presto
Medio Ambiente
Prevención de riscos laborais




EMPRESAS

94



ALUMNOS

533



HORAS

665

ACTIVIDADES

CURSOS DE FORMACIÓN / PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



Cursos impartidos

- Seguridade viaria para transportes de mercadorías
- Técnicos de prevención nivel básico
- Cursos específicos de distintas materias: aparatos elevadores, maquinaria de movemento de terras, albanelería, explanadas e estendidos de firmes, amianto, electricidade, montaxe de estruturas tubulares, conservación e explotación de estradas, redes de abastecemento, saneamento e pocería, cimentacións especiais sondeos e perforacións, pintura e traballos marítimos.
- **Os cursos impartíronse en 8 localidades da provincia:** A Coruña, Boiro, Carballo, Fene, Mazaricos, Moeche, Muxía e Ordes, co cal puideron beneficiarse tamén os asociados que están máis alonxados da sede de Apecco na Coruña.

Dende a asociación recomendase a todas as empresas asociadas que sigan formando aos seus traballadores con regularidade en prevención de riscos laborais

- A empresa ten a obriga de formar a todos os seus traballadores en seguridade e prevención de riscos laborais, segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, que ademais obriga ás empresas incluídas no Anexo I do R.D. 39/97, consideradas como empresas con actividades de risco (caso da construción) a dar unha formación específica e completa no concerninte aos riscos que conleva a súa actividade.
- Segundo a última modificación da lei en materia de prevención de riscos aplicables ás obras de construción, cada empresa que traballa nunha obra debe ter un recurso preventivo (responsable en prevención) coa formación mínima de Nivel Básico de Prevención (curso de 60 horas).
- Así mesmo, debe formarse a todos os traballadores coa formación específica de prevención de riscos para o seu oficio ou posto de traballo (20 horas) ou de 6 horas se xa teñen outra formación que lles convalide parte das horas, segundo obriga o Convenio da Construción.

ACTIVIDADES

CONVENIOS

CONVENIOS CON DIVERSAS EMPRESAS E OUTROS ORGANISMOS PARA LOGRAR VANTAXES ESPECIAIS PARA OS ASOCIADOS

O **Convenio de Liñas Especiais de Avais** (financieros, técnicos e especiais) asinado con **AFIGAL** ten una gran acollida por parte dos nosos asociados. Gracias ao mesmo, as nosas empresas poden gozar dunhas condicións especiais e están exentas de gastos de estudo e formalización no caso de avais técnicos. Numerosos asociados están facendo uso do mesmo debido á necesidade de avais existente no noso sector.

A asociación intermediou ante AFIGAL para axilizar a concesión de liñas de avais a algunhas das empresas asociadas.

Hai dúas novas liñas de avais en moi boas condicións: os avais para acopios e permutas (para obras públicas e privadas) e os avais para entregas a conta dos compradores de vivenda (para os promotores de vivendas).

As condicións actuais destes avais para os asociados de APECCO son as seguintes:

- Liña de avais técnicos (para licitacións de obra pública)

Condicións: sen gastos de estudo e de formalización. Comisión anual do 0,10% para as finanzas provisionais e do 0,50% para as definitivas.

- Liña especial de avais para acopios, permutas... (obra pública e privada)

Condicións: sen gastos de estudo e de formalización. Comisión anual do 1%

- Liña especial de avais para entregas a conta de compradores de vivenda (para os promotores de vivendas)

Condicións: gastos de formalización: 300 €. Comisión anual: 0,50%



ACTIVIDADES

CONVENIOS

O convenio coa empresa **SOLRED** (Grupo Repsol) volveu a mellorar e permite acadar un importante desconto no prezo do gasóleo (0,06 € / litro) nas principais gasolineiras nas que repostan os asociados. Así mesmo, na maioría das estacións de servizo de Galicia e do resto de España da rede REPSOL, CAMPSA e PETRONOR o desconto oscila entre os 3,9 e os 4,8 céntimos / litro.

Hai máis de 100 empresas asociadas beneficiándose deste convenio.



Apecco vén de asinar un convenio, a través da Federación Galega, coa empresa **AVALES Y FIANZAS** para que as empresas se beneficien dunhas boas condicións económicas e de xestión para a tramitación de avais.

Vantaxes desta compañía:

- Aumento da capacidade crediticia, xa que non computa CIRBE.
- Diminución das esixibilidades do balance.
- Menores custos. Non hai comisións de estudo, nin de apertura, nin mantemento da liña. Non se pignoran cantidades.
- Xestión a través dunha plataforma online, fácil e rápida de usar.

Tamén xestionan avais entre privados, avais internacionais e aprazamento de impostos.



Convenio con **AENOR**, empresa certificadora de calidade, con descontos para os asociados sobre as súas tarifas de certificación de calidade, medio ambiente e prevención. Así mesmo, aplícanse descontos nas súas publicacións e actividades de formación. Actualizado no 2007.



ACTIVIDADES

CONVENIOS

- Actualmente existen acordos de colaboración coas seguintes entidades financeiras: **BANCO SABADELL**, **BANCO POPULAR** e **BANCO PASTOR**, nos que se contemplan ofertas de produtos e servizos financeiros en excelentes condicións para as empresas asociadas.
- A través da Federación Galega logrouse un convenio con **NOVAGALICIA BANCO** para **descontos de certificacións de obra, do que se poden beneficiar os asociados de Apecco**.
- A través da CEC asináronse dous convenios con **AIR EUROPA** e **IBERIA** de **descontos nas tarifas aéreas** para as empresas asociadas.
- Convenio de seguros coa correduría **ANTÓN COBIÁN S.L.**. As empresas asociadas que queiran asegurar o seu persoal, maquinaria, instalacións, vehículos, etc. Poderán facelo cunhas tarifas moito máis reducidas e cun trato preferente.
- Convenio co **Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos** para dispoñer dunha bolsa de traballo dos seus colexiados.
- Tamén se estableceron relacións puntuais con empresas para conseguir ofertas determinadas sobre produtos e servizos que reportan ao asociado unas condicións vantaxosas sobre o prezo de mercado. Entre elas destacamos as seguintes:
 - ✓ A través da Oficina Auxiliar do Contratista da CNC, **tarifas especiais** para a obtención e o mantemento do **Expediente de Clasificación de Contratistas**.
 - ✓ Oferta moi vantaxosa para a póliza do seguro do traballador do Convenio da Construción coa correduría Canzobre Segade.
 - ✓ Inscripción gratuíta no Directorio Anual de Construtoras da revista “El Monitor”.

ACTIVIDADES

TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN (TPC)

APECCO comezou no ano 2008 a tramitar as Tarxetas Profesionais da Construción e actualmente leva tramitadas unas 1.900. En Galicia hai máis de 44.000 traballadores coa TPC.

A maioría das tarxetas foron para traballadores das empresas asociadas e para os alumnos dos cursos de formación en prevención, ao adquirir o requisito da formación en prevención de riscos, que é fundamental para obtela.

A tarxeta reflicte a seguinte información do traballador:

- 1) A experiencia acumulada no sector e a categoría profesional
- 2) Se foi sometido a recoñecementos médicos (vixilancia da saúde)
- 3) A formación que ten, principalmente, en Prevención de Riscos Laborais

Documentación necesaria para a obtención da TPC:

- 1) Impreso de solicitude
- 2) Fotografía recente en tamaño carné
- 3) Fotocopia DNI
- 4) Informe recente da vida laboral (Seguridade Social)
- 5) Orixinal ou fotocopia compulsada do diploma ou certificado que acredite que o solicitante ten recibido, como mínimo, a formación inicial en prevención de riscos
- 6) Un dos seguintes documentos: certificado de empresa, orixinal ou fotocopia compulsada dos recibos de salarios ou do contrato de traballo
- 7) Certificado relativo ao recoñecemento médico (vixilancia da saúde)

Lembramos que a TPC se tramita a través da Fundación Laboral da Construción e é un documento moi útil tanto para as empresas como para os traballadores do sector.

Durante o ano 2016 hai que renovar la tarxeta, xa que o seu formato variou para mellorar as súas prestacións tanto para as empresas como para os traballadores.



ACTIVIDADES

PUBLICACIONES E DVD DE APECCO

APECCO ten editadas as seguintes publicacións:

- Normativa de Prevención de Riesgos Laborales y Seguridad en la Construcción
- La Ley de Ordenación de la Edificación
- La nueva Ley de Contratos con las Administraciones Públicas
- Texto refundido de dicha Ley de Contratos
- Libro sobre el Sector de la Construcción (enfoque estratégico aplicado a Galicia)
- El Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas
- Los Estatutos de la Asociación
- Manual de Prevención de Riesgos: “Construíndo Seguridade”
- Libro de Prevención: “Maquinaria y Equipos vinculados a Trabajos de Altura (I)”.
- Libro de Prevención: “Maquinaria y Equipos vinculados a Trabajos de Altura (II)”.
- Libro de Prevención: “Manual de Trabajos en Altura”
- Libro de Prevención: “Las 5 Reglas de Oro para Trabajos en Altura en Construcción”
- Libro de Prevención: “Glosario de Términos de Seguridad en Construcción”

Estas publicacións, ademáis de ser enviadas a todos os asociados e institucións públicas, estanse entregando nos cursos de prevención de riscos que corresponden.

*Os asociados
poden solicitar
máis exemplares
gratuitamente*

ACTIVIDADES

PUBLICACIÓNS E DVD DE APECCO

A Asociación elaborou un **DVD DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA CONSTRUCCIÓN** que recolle todas as situacións de risco grave que poden darse nas obras e a normativa que hai que cumprir en canto a medidas de prevención nas mesmas. Neste proxecto colaboraron a Xunta de Galicia e a Inspección de Traballo, que o cualificou como moi positivo e autorizou a que a proxección do DVD sirva como charla informativa que o contratista está obrigado a dar aos traballadores nas obras antes de iniciar os traballos.

Contido do DVD: obrigas xerais dos traballadores nas obras, medidas preventivas de seguridade, sistemas de protección colectiva, equipos básicos de protección individual, medios auxiliares, maquinaria e equipos de traballo, sinalización de seguridade, orde e limpeza, escavacións e gabias, electricidade en obra, principios básicos de manipulación de materiais e medidas de seguridade en vehículos en obra.

Ademais, a asociación dispón dunha **GUÍA METODOLÓXICA PARA A ELABORACIÓN DE MEMORIAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL EN PEMPES DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN**. Proxecto sobre RSE subvencionado pola Xunta de Galicia e que se realizou no ano 2007 en colaboración coa consultora Valora.



ACTIVIDADES

PORTAL WEB DE APECCO / www.apecco.com

- Renovamos e actualizamos a nosa páxina web apecco.com
- Cambiamos a presentación e o deseño da páxina para dar un mellor servizo ás empresas asociadas

CONTIDO DA NOVA WEB

- Información sobre a asociación (memoria, contas)
- Servizos e Publicacións
- Cursos de formación
- Relación de asociados
- ¿Como Asociarse? (Inclúe mapa de localización de APECCO)
- Zona Socios

CONTIDO DA ZONA SOCIOS

- Informes mensuais de adxudicacións de obras públicas en Galicia
- Informes anuais de obras públicas en Galicia
- Circulares informativas (con buscador por temas)
- Convenios con empresas
- Boletín mensual de novas
- Servizos de asesoramento

- Lembrámosche que á Zona Socios só poden acceder os asociados cunha clave particular facilitada por Apecco.
- A nova web incorpora dous novos apartados denominados **Vida Asociativa** e **Novedades**, onde se están colgando os principais actos que vai realizando a asociación (xornadas, firma de convenios...).
- Durante o ano 2015 contabilizáronse **13.051 visitas** á web (máis de 1.085 visitas mensuais).
- Os apartados máis visitados son: relación de empresas asociadas, información xeral da asociación, cursos de formación, información de obras públicas e circulares informativas.

ACTIVIDADES

73 CIRCULARES

No 2015 enviáronse 73 circulares informativas de tipo fiscal, laboral, de lexislación española, galega e europea (Leis e R.D. do BOE e DOG) sobre todo a referida ao mundo empresarial, a construción e a contratación pública, de vivenda e urbanismo, de índices de prezos, de programas e orzamentos de obras, de prevención de riscos laborais, de medio ambiente, de conxuntura económica, de feiras, de xornadas informativas, de subvencións e axudas, e outras de actualidade e relevancia para as empresas.

BOLETÍNS MENSUAIS DE NOVAS

Mandáronse os xa habituais Boletíns Mensuais de Noticias, que recollen o resumo das principais noticias do sector da construción acaecidas durante o mes ao que se fai referencia. Os seus principais apartados son:

- A construción en Galicia
- A construción en España
- Datos das obras públicas en Galicia
- Conxuntura económica
- Noticias de empresas
- Información fiscal (Calendario fiscal e noticias relacionadas)
- Información laboral (Calendario laboral e noticias relacionadas)
- Feiras, congresos e seminarios relacionados co sector
- Cursos de formación de APECCO

ACTIVIDADES

INFORMES E ESTUDOS

- Efectuáronse os habituais informes anuais de licitacións, adxudicacións e aperturas de plicas, das Administracións Central, Autonómica e Local, desagregadas por organismos e tipos de obra cos seus orzamentos, o número de empresas ofertantes, baixas medias e máximas.
- Informes mensuais de licitacións e adxudicacións de obras públicas.
- Informe sobre as licitacións de obras previstas pola Xunta de Galicia para o 2016, segundo as partidas orzamentarias contempladas no Anexo VI dos Investimentos Reais dos Orzamentos.
- Tamén se facilitou información sobre os Investimentos de Obras previstas polo Mº de Fomento e a Administración Central para Galicia, a SPI (Sociedade Pública de Investimentos), as Deputacións Provinciais Galegas e o Concello da Coruña.
- Estudos periódicos sobre a marcha do sector en Galicia e en España, referidos á contratación de obra pública, consumo de cemento, vivendas visadas, iniciadas e terminadas, prezos por m2 das vivendas novas e usadas, poboación laboral, activa, ocupada, parada e outros indicadores da actividade (incluídos no Boletín Mensual de Noticias e na propia Memoria Anual).



ACTIVIDADES

COLABORACIÓNS E RELACIÓNS EXTERNAS

Mantivéronse as comunicacións habituais cos **MEDIOS DE COMUNICACIÓN**, a través de notas de prensa, publicacións, mesas redondas e entrevistas en diversos medios, para a divulgación de actividades da asociación e temas sobre a construción, vivenda, prevención de riscos laborais, emprego, xornadas, cursos de formación e outros.

Continuáronse as relacións con outras asociacións, confederacións e institucións relacionadas directa ou indirectamente coa nosa asociación. Coa Confederación Nacional da Construción (CNC), SEOPAN, a Federación Galega da Construción (FGC), a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e da Coruña (CEC), e coa Federación Nacional de Empresarios Pintores (ANSPI).

- Coa **Confederación Nacional da Construción (CNC)** participamos en distintas reunións sobre a elaboración de propostas para o Convenio Xeral do Sector, así como sobre as directrices que deben formar o Acordo Sectorial Nacional.
- Coa nosa presenza e participación na Xunta Directiva e na Asemblea da **Federación Galega da Construción**, mantivemos unha estreita colaboración con este organismo, en aras á consecución dunha voz única das demandas e intereses do sector en Galicia.
- Tamén continuamos colaborando coa **Fundación Laboral da Construción de Galicia**, órgano paritario das organizacións empresariais e sindicais, e cuxo obxectivo fundamental é a Formación. A Fundación realizou numerosos Cursos de Formación Ocupacional para traballadores en paro. Formamos parte activa da mesma, pertencendo á Comisión e ao Consello Territorial de Galicia.

ACTIVIDADES

COLABORACIÓN E RELACIÓN EXTERNAS

- Coa **Confederación de Empresarios da Coruña (CEC)** mantivemos un estreito contacto, informando sobre os temas de construción e a súa incidencia no ámbito provincial e analizando co resto dos sectores a problemática xeral das empresas na nosa área, con obxecto de buscar solucións globais nas cuestións que afectan o empresariado.

Estreitáronse as relacións de APECCO con outras **Asociacións de Empresarios e de Construtores da Provincia**, a través de colaboracións en temas de xornadas, formación e outros de interese mutuo.

Préstase apoio e colaboración para a realización dos Informes de **Observatorio Inmobiliario do Centro de Investigación Económica e Financeira da Fundación Caixa Galicia**.

Nos devanditos Informes recóllese a evolución e as expectativas do mercado inmobiliario nas principais áreas urbanas de Galicia



ACTIVIDADES

ASESORÍAS

- As asesorías xurídica-laboral, fiscal e de comunicación seguen traballando intensamente para a nosa asociación e asociados.

O noso asesor laboral, Antonio Fernández-Chao, colabora activamente na negociación dos Convenios Colectivos Provinciais de Pintura e de Construción.

Así mesmo, o asesor fiscal, Jesús Ruíz Posse, Resolveu gran número de cuestións e problemas que lle expoñen as nosas empresas asociadas.

Asesorouse tamén ás empresas sobre temas de prevención de riscos laborais e medio ambiente.

- Lembramos que a tramitación e seguimento do Expediente de Clasificación para as Empresas Contratistas pódese facer a través de APECCO na oficina auxiliar do contratista da CNC, cunhas tarifas moi reducidas para os asociados e cunha excelente eficiencia.
- A través dos nosos convenios con bancos e outras entidades préstase asesoramento sobre temas financeiros (préstamos, avais, axudas, etc.).



ACTIVIDADES

OUTRAS ACTIVIDADES E SERVIZOS PRESTADOS AOS ASOCIADOS



- Expedición de Liquidacións. Para os asociados a un prezo de 3 €/unidade e para os non asociados a 10 €.
- Edición de Libros de Subcontratación, obrigatorios por lei nas obras de construción desde novembro de 2007. Para os asociados a un prezo de 4 € a unidade e para os non asociados a 6 €.
- Lográronse descontos importantes en masters e seminarios (de ata un 33%).
- Obtención de novas fontes de información a través de subscricións e colaboracións con distintos organismos públicos e revistas especializadas do sector.
- Envío de invitacións aos asociados para a asistencia a feiras e outros eventos.
- Cedeuse o uso do salón de actos e as aulas da asociación a diversas empresas, que o solicitaron para a realización de reunións e seminarios propios.
- Ao longo do ano resolvéronse multitude de consultas de todo tipo formuladas polos asociados.




ASOCIADOS



ASOCIADOS

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ASOCIADOS



10. *Journal of the American Medical Association*, 2000; 284: 2689-2694.

Map of Galicia showing the geographical distribution of its 32 comarcas (administrative divisions). The map is color-coded by region: orange for the northern and central parts, yellow for the western part, and light green for the southern part. Major cities and towns are labeled throughout the map.

ASOCIADOS

NOVOS ASOCIADOS EN 2015

EMPRESA	POBOACIÓN
ÁBADO CR, S.L.	A CORUÑA
ADECON OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	LUGO
ARCOPONTE, S.L.	A CORUÑA
CALEFACCIONES SIMÓN, S.L.	SANTIAGO
CETA CONTRATAS, S.L.	SANTIAGO
COMASA NORTE, S.L.	NOIA
DESARROLLOS Y METAS, S.L.	A CORUÑA
ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L.	LAXE
FECA-NEON, S.L.	A CORUÑA
GECOGA CTNES. Y PROYECTOS, SL	A CORUÑA
GONZALO REVENGA ORTEGA	A CORUÑA
INGENIA DOMO MADERA, S.L.	OLEIROS
JAVIER BÁRBARA ASCACÍBAR	A CORUÑA
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	O BURGO-CULLEREDO
MANTIDO, S.L.	CAMARIÑAS
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	ORDES
QUIMIASFALT, S.L.L.	ORDES
TALLER DE ESTUDIOS TÉCNICOS ANDRÉS	A CORUÑA
TECNICA CONST. SOSTENIBLE MMA, S.L.	A CORUÑA
VOLADORAS Y TRANSPORTES BLANCO, SLU	CARBALLO

ASOCIADOS



EMPRESA	POBOACIÓN
ÁBADO CR, S.L.	A CORUÑA
ABECONSA, S.L.U.	A CORUÑA
ACIVRO XESTIÓN S.L.	A CORUÑA
ADECON OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	LUGO
AGADA OCCIDENTE, S.L.	CAMPOLONGO-PONTEDEUME
ALCOMTE GALICIA, S.L.	SANTIAGO
ALCUBA, S.A. - MTO. Y CTNES.	CULLEREDO
ALVAC, S.A.	ARTEIXO
ANGEL BREY, S.A.	SANTIAGO
ANTONIO FILLOY, S.A.	BOIMORTO
APARFONT, S.L.	A CORUÑA
APLICACIONES DEL HORMIGÓN, S.A.	CARBALLO
AQUABLU, S.L.	A CORUÑA
ARCOPONTE, S.L.	A CORUÑA
ARIAS INFRAESTRUCTURAS	A CORUÑA
ARKIVOLTA, S.L.	O BURGO-CULLEREDO
ATLÁNTICA CONS. Y MºAMBIENTE, S.L.	AMES
BEGASUCEGSA	MANIÑOS-FENE
BÚA CTNES. Y SERVICIOS, S.L.	DUMBRÍA
C.R.C. OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	ORDES
CALEFACCIONES SIMÓN, S.L.	SANTIAGO
CAMOGA, S.L.	FERROL
CANARGA, S.L.	A CORUÑA
CAOLINES CERAMICOS, S.L.	ORTIGUEIRA
CARLOS BUSTO, S.L.	PONTECESO

ASOCIADOS

EMPRESA	POBOACIÓN
CASTAÑO BASCOY, S.L.U.	PADRÓN
CETA CONTRATAS, S.L.	SANTIAGO
CNES. A. MARTINEZ E HIJOS, S.L.	CORISTANCO
CNES. ANGEL JOVE, S.A.	A CORUÑA
CNES. C. CANCELA, S.L.	VILARRODIS-ARTEIXO
CNES. CANOSA, S.L.	AS PONTES
CNES. CERNADAS, S.L.	VIMIANZO
CNES. CES, S.L.	NOIA
CNES. CONCIFA, S.L.	CABANAS
CNES. CRESPO BARROS, S.L.	PAIOSACO-LARACHA
CNES. DAMASO FERREIRO E HIJOS, SL	CARBALLO
CNES. FEGO ATLÁNTICO, S.L.	A CORUÑA
CNES. GROBAS, S.L.	MESIA
CNES. IGLESIAS MERA, S.L.	AMES
CNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	A CORUÑA
CNES. LOPEZ CAO, S.L.	A CORUÑA
CNES. M. ESPÍÑO, S.L.	MELIDE
CNES. MOUZO Y SOUTO, S.L.	CARBALLO
CNES. OÑIAL, S.L.	SANTIAGO
CNES. PONCIANO NIETO, S.L.	ZAS
CNES. PUMARIÑO, S.L.	AS SOMOZAS
CNES. R. VAZQUEZ Y REINO, S.L.	CARBALLO

ASOCIADOS

EMPRESA	POBOACIÓN
CNES. VILARIÑO, S.A.	A CORUÑA
CNES. Y EXCAV. GERMAN MOUZO, S.L.	MUXIA
CNES. Y OBRAS ANDUJAR, S.L.	DUMBRÍA
COBRA INSTALAC. Y SERV., S.A.	A CORUÑA
COMASA NORTE, S.L.	NOIA
COMERCIAL SILVA GALICIA, S.L.	BERGONDO
COMSA, S.A.	SANTIAGO
COPCISA, S.A.	A CORUÑA
COSMALCA, S.L.	O PINO
CYS HISPANIA, S.L.	SANTIAGO
DECOPLAC GALICIA, S.L.	OLEIROS
DECORACIONES J. BELLO, S.L.	CARBALLO
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	A CORUÑA
DESARROLLOS Y METAS, S.L.	A CORUÑA
DRAGADOS, S.A.	A CORUÑA
ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L.	LAXE
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	SANTIAGO
ESPINA Y DELFIN, S.L.	SANTIAGO
ESQUEIRO, S.L.	A CORUÑA
ESTUDIO A.T.	MUXIA
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CNES. S.A.	OROSO
EUROMONTAXE PROFESIONAL, S.L.	TARRÍO - CULLEREDO

ASOCIADOS

EMPRESA	POBOACIÓN
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	VIMIANZO
EXCAVACIONES MIDON, S.L.	TEO
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL	NARÓN
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	ORDES
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	BETANZOS
EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L.	MAZARICOS
EXOGA, S.L. (EXC. Y OO.PP. GALICIA)	SANTA COMBA
F. GOMEZ Y CIA, S.L.	TOURO
FCC CONSTRUCCION, S.A.	A CORUÑA
FCO. CASAL MENDEZ Y OTRO, S.C.	CAMELLE
FECA-NEON, S.L.	A CORUÑA
FERROVIAL AGROMAN, S.A.	A CORUÑA
FONTANERÍA RUMBO, S.L.	CULLEREDO
GECOGA CTNES. Y PROYECTOS, SL	A CORUÑA
GONZALO REVENGA ORTEGA	A CORUÑA
GR CTNES., OBRAS Y SERVICIOS, SLU	CARRAL
HERMANOS LOPEZ CARTELLE, S.L.	ARES
HIJOS DE J. LOSADA CANELO S.A	FERROL
HUNE RENTAL, S.L.	MADRID
INAUDITA, S.L.	CAMBRE
INGENIA DOMO MADERA, S.L.	OLEIROS
iPRENOR, SLU (Ingenier., MºAmb.,Prev.Noroeste)	A CORUÑA


ASOCIADOS

EMPRESA	POBOACIÓN
JARDINCELAS, S.L.	CULLEREDO
JARDINERIA ARCE, S.L.	MEIRAS - SADA
JAVIER BÁRBARA ASCACÍBAR	A CORUÑA
JOSE M. PIÑEIRO LOPEZ, S.L.	ORTIGUEIRA
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS S.A.	A CORUÑA
JPC VISO 2004, S.L.	A CORUÑA
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	SANTIAGO
KOTA BLUE, S.L.	A CORVEIRA-FONTECULLER
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	O BURGO-CULLEREDO
LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	MELIDE
LIRES CONS, S.L.	DUMBRÍA
LOPEZ Y LEIS, S.A.	A CORUÑA
MALVECIN, S.L.	A CORUÑA
MANTIDO, S.L.	CAMARIÑAS
MANUEL PEREZ PEREZ	FENE
MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.	A CORUÑA
MANUEL RODRIGUEZ LEMA, S.L.	VIMIANZO
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	TEO
MONTAJES ELÉC. VIZCAINO, SL (MOELVI)	A CORUÑA
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	BOIRO
OBRAS Y CONDOC. HIDRAULICAS SL	SANTIAGO
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	ORDES

ASOCIADOS

EMPRESA	POBOACIÓN
OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.	A CORUÑA
OGMIOS PROYECTO, S.L.	CULLEREDO
OPERIS OBRAS Y MANTENIMIENTO, S.L.	A CORUÑA
ORGANIZ. Y GESTIÓN PROYEC. Y OBRAS, SL	A CORUÑA
ORMER CTNES., S.L.	ORTIGUEIRA
OVIGA, S.L.	OROSO
OYS NOROESTE, S.L.	OUTES
PCE IBÉRICA, S.L.	TOBARRA-ALBACETE
PLACAS NORTE, S.L.	A CORUÑA
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	FERROL
PROBISA, PRODUCTOS BITUMINOSOS, SLU	SANTIAGO
PROSEMA NOROESTE, S.L.	FERROL
PROYCOGA, S.A.	A CORUÑA
QUIMIASFALT, S.L.L.	ORDES
R4 BETANZOS, S.L.U.	BETANZOS
SCHINDLER, S.A.	A CORUÑA
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	A CORUÑA
SERVINOR - SERV. INTEGRAL.NOROESTE SL	A CORUÑA
SOGRANI - SONENSE DE GRANITOS, S.L.	PORTO DO SON
SOLCONOR, S.L.	CULLEREDO
SONDEOS DEL NORTE, S.A.	A CORUÑA
TALLER DE ESTUDIOS TÉCNICOS ANDRÉS	A CORUÑA


ASOCIADOS



EMPRESA	POBOACIÓN
TALLERES DE PINTURAS PRADO S.L.U.	A CORUÑA
TALLERES REUNIDOS, S.A.	A CORUÑA
TEC. ARQUITEC. RESTAURO Y FF, S.L.U.	A CORUÑA
TECNICA CONST. SOSTENIBLE MMA, S.L.	A CORUÑA
TERRAUGA, S.L.	A CORUÑA
TRADISCO, S.L.	A CORUÑA
UNIKA PROYECTOS UNIFAMILIARES, SA	SANTIAGO
VALLAS Y CASETAS BRUN, S.L.	ORDES
VIAS Y CNES., S.A.	A CORUÑA
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	ORTIGUEIRA
VOLADORAS Y TRANSPORTES BLANCO, SLU	CARBALLO




O SECTOR



O SECTOR


A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / DATOS



VENDAS
5.459 MILLÓNS DE EUROS
- 11 %



EMPREGO DIRECTO
XERADO
- 8,3 %



CONSTRUCCIÓN
RESIDENCIAL PARA
CLIENTES PRIVADOS
+ 3 %



EMPREGOS VINCULADOS
Á CONSTRUCCIÓN
RESIDENCIAL
+ 71.000

O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / DATOS


EVOLUCIÓN DO SECTOR NO PERÍODO 2007-2015



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / DATOS

LICITACIÓN DE OBRA PÚBLICA NO 2015



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / DATOS

CONCESIONES NO 2015 (en millóns de euros)



ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS PÚBLICOS



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / DATOS

**TOTAL INVERSIÓN
PÚBLICA + PRIVADA**
(datos de 2015 e comparación co 2014)



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / PREVISIÓNS PARA O ANO 2016



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / CONCLUSIONES

- 1** Por oitavo ano consecutivo tras o inicio da crise, os principais indicadores de actividade confirman que a recesión marcou outro exercicio negativo no sector da construción.
- 2** As vendas no sector representan menos da cuarta parte das realizadas con anterioridade á crise (22.178 en 2007).
- 3** Os únicos datos positivos que se obteñen son o crecemento na actividade de construción residencial para clientes privados, aínda que a súa representación no agregado nacional é só do 3,5 %, e a creación de empregos derivados da reactivación da construción residencial.
- 4** No referente a obra pública, o exercicio 2015 foi especialmente negativo, sobre todo polo desplome inversor dos concellos e as deputacións.
- 5** En concesións mantívose a parálise licitadora iniciada no 2012, tanto do Estado coma das Administracións locais.

O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA / CONCLUSIONES

- 6** As baixas nas adxudicacións de contratos públicos mantéñense en niveis de máximo histórico en todas as Administracións Públicas, en liña co sucedido nos dous exercicios anteriores (2013 e 2014).
- 7** A actividade do sector da construción asociada á componente do investimento público (6.780 millóns de euros) representa arredor do 22 % do total do investimento público realizado en España, porcentaxe moi inferior aos anteriores á crise, que oscilaban entre o 65 e o 75 %.
- 8** As previsións para o 2016 son igualmente negativas, xa que se percibe unha diminución do consumo de cemento e unha taxa interanual negativa na Enquisa de Poboación Activa.
- 9** As cifras permítennos avanzar que estamos no noveno ano consecutivo con redución de actividade no sector.


O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN GALICIA

1 O comportamento do sector na nosa Comunidade Autónoma foi similar, cos correspondentes matices, ao do resto do Estado.

2 Por data de anuncio, a licitación pública rexistrou una forte suba, ao pasar de 84 millóns no 2014 a 1.168 no 2015, é dicir, medrou un 37,7 %. Estas cifras non se corresponden co volumen de obra adxudicada, que foi de 549 millóns (717 licitados).

3 A Administración Central liderou, polo tanto, o investimento en infraestruturas, xa que promoveu máis do 52% das novas adxudicacións. A continuación atópase a Administración local, co 28%, seguida, por último, da Autónoma, cun escaso 20%.




O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN GALICIA


- 4** Por número de obras, a Administración más activa foi a Local (1098 no 2015 e 922 no 2014), seguida da Central (210 fronte a 245) e a Autonómica (174 fronte a 195). Entre as tres Administraciones adxudicaron un total de 1.482 accións construtivas.

TIPOS DE CONTRATACIÓN



■ Sistema negociado ■ Concurso ■ Subasta

NÚMERO DE OBRAS ADXUDICADAS



- 5** Do total da obra adxudicada, as Administracións optaron pola contratación directa (sistema negociado) no 58 % dos casos, polo concurso no 27 % e pola subasta no 15 %

O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN GALICIA

6 Ao comparar os totais licitado e adxudicado conclúese que as baixas suponen que o sector da construción de Galicia deixou de ingresar 168 millóns (case 1 de cada 4 euros), ó crecer a porcentaxe de baixas un 15 % (pasou do 20,7% no 2014 ao 23,4% no 2015).

7 A porcentaxe media que o sector deixa de ingresar debido ás baixas rexistradas nas distintas Administracións é de 2,7 euros por cada 10 na Central e de 1,9 por cada 10 na Autonómica e na Local. A media máis elevada prodúcese nas adxudicacións da Deputación da Coruña, que se ven mermadas por mor das ofertas presentadas polas distintas empresas que concorren exactamente nun terzo.



No ano 2015 as
empresas deixaron de
ingresar
168 millóns €
debido ás baixas


O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN GALICIA

1.169

MILLÓNS DE EUROS
LICITADOS NO 2015

MILLÓNS LICITADOS (POR DATA DE ANUNCIO)



O SECTOR

A CONSTRUCCIÓN EN GALICIA


- 8 Os datos, tanto de adxudicación como de licitación, non deben facernos perder a perspectiva da situación na que se atopa o sector da construción, onde a iniciativa privada é raquítica e a pública está en fase anémica. Deste xeito, no 2008 adxudicouse obra pública por valor de 3.093 millóns, mentres que no 2015 a adxudicación caeu a 549 millóns. É dicir, o ano pasado o mercado da obra pública en Galicia foi seis veces inferior ao rexistrado sete anos antes, malia que as necesidades de renovación, mantemento e creación de novas infraestruturas non minguaron.
- 9 Malia que os datos de actividade non son positivos, si o son os datos de emprego, onde se albisca unha lixeira melloría. Así, creceron a poboación activa (82.300 traballadores, 4.000 máis que en 2014) como a ocupada (73.600 e 67.200, respectivamente), mentres que descendeu a parada (de 11.400 en 2014 a 8.700 o pasado exercicio).

O SECTOR


A CONSTRUCCIÓN NA CORUÑA

A provincia da Coruña non é unha excepción no panorama do sector construtivo. Os indicadores analizados dan mostra da situación de debilidade que atravesa o sector. Así, a produción total situouse en 1.786 millóns, case 200 menos que no 2014 e lonxe, moi lonxe, dos 2.800 do exercicio 2008.

LICITACIÓN DE OBRA PÚBLICA



POBOACIÓN OCUPADA





APECCO

Asociación Provincial de Empresarios
de la Construcción de La Coruña